



CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETARÍA DO IES DE QUIROGA

En virtude da Instrución 4/2016 do 30 de maio de 2016 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O.U., e da Folla de Especificacións Técnicas adxunta a dita instrución, así como da lexislación vixente aplicable, o director do IES de Quiroga

CONVOCA:

Procedemento de contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería do citado centro. O director ten delegada a sinatura do Secretario Xeral Técnico da Consellería no relativo a este procedemento por Resolución do 14/06/2013, segundo o artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Prazo de vixencia do contrato.

A citada contratación realízase polo curso 2016-2017, e abranguerá do 13 de outubro de 2016 ao 31 de agosto de 2017. O prazo de duración do contrato non pode ser superior a un ano, nin pode ser obxecto de prórroga, segundo a lexislación aplicable.

Condições de contratación.

As condicións da contratación recóllense na Folla de Especificacións Técnicas e as Condições para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería, que están no IES de Quiroga a disposición dos interesados.

Participación nos gastos de consumo.

De existir contadores individuais para o recinto da cafetería coa finalidade de medir os consumos de auga e electricidade de dito local á data do inicio do contrato, o adxudicatario pagará en función das lecturas efectuadas sobre ditos aparatos de medida, que lle serán comunicadas pola dirección do centro, tendo o adxudicatario que proceder ao ingreso correspondente na conta que se lle indique nos dez días seguintes á notificación; en caso de non existir contadores, aboará os gastos proporcionalmente segundo o establecido no apartado 9.6 do documento de Condições.

A superficie útil da cafetería é de 33'50 metros cadrados, e a do almacén de 0 metros cadrados (non ten), resultando unha superficie útil total de 33'50 metros cadrados. Como resultado, de ter que aplicar os criterios proporcionais para determinar a participación nos gastos de consumo correspondente ao adxudicatario, corresponderalle unha cota de participación do 0'7% nos gastos de calefacción, un 0'7% nos gastos de electricidade e un 0'7% nos gastos de auga.

Horario de apertura da cafetería.

O horario establecido para a prestación do servizo de cafetería será o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 8:45 a 13:45 e de 16:00 a 18:00	De 8:45 a 13:45	De 8:45 a 13:45	De 8:45 a 13:45	De 8:45 a 13:45

En circunstancias excepcionais, previa comunicación por parte da dirección do centro, poderáselle requirir ao adxudicatario para que manteña aberta a cafetería no horario que se lle indique.

Canon anual mínimo esixible.

Segundo dispón o apartado 4.2 das Condicións, o canon mínimo esixible pola explotación e xestión do servizo de cafetería ascende ao importe de **196,45 €** correspondentes á parte proporcional equivalente da duración do contrato con respecto do canon anual de 222 €.

Lista de prezos de produtos de obrigada subministración.

Serán os que consten no Anexo III, adaptado ás circunstancias e necesidades do centro.

Presentación de solicitudes.

As persoas interesadas cubrirán a instancia a tal efecto que estará á súa disposición no centro, e presentarán a documentación requirida nas Condicións, en concreto no apartado 6, e na lexislación aplicable. Terán dereito a obter copia selada da presentación desta instancia.

Prazo de presentación de propostas.

Os dez días hábiles seguintes á publicación desta convocatoria (do 23 de setembro ao 6 de outubro, ambos inclusive).

Criterios de valoración.

Serán os recollidos no punto 7 das Condicións.

Adjudicación do contrato.

Valoradas as ofertas presentadas en base aos criterios sinalados, requirirase ao licitador que teña presentada a oferta clasificada en primeiro lugar para entregar, no prazo que se estableza, a documentación indicada no apartado 7.2 das Condicións e proceder á sinatura do contrato.

Quiroga, a 22 de setembro de 2016

O director,

Asdo.: Ramón Latas Espiño